MURAS
CONCELLO

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

## ACTA DÁ SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE XUÑO DE 2017

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o día vinte e seis de xuño de dous mil dezasete, reunese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria e urxente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DON CARLOS CARBALLES PENABAD
DON MARIO ROUCO REI
DON JOSE DANILO REQUEIJO CASTRO
DONA ROSARIO CELIA REI LOPEZ
DON JOSE PAJON PENABAD

Dá fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.

Sendo as vinte horas pola Presidencia declarase aberta a sesión. De seguido, sometendose a debate e aprobación do seguinte asunto;

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 23.05.2017

Non hai intervencións

Sometese o punto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, aproba a acta.

### 2.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS E INICIO DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DO CONTRATO MIXTO POR PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA, CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORAS DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DE XONAS RURAIS DO CONCELLO DE MURAS

**MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto que o Concello de Muras quere levar a cabo o proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética do alumeado público das zonas rurais do Concello de Muras”.

Dadas as características da subministración e das obras, considérase que o procedemento máis axeitado é o procedemento aberto, por tramitación urxente, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

Con data 12 de xuño de 2017 emitiuse informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Con data 12 de xuño de 2017 emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

MURAS
CONCELLO

P-270
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

Con data 19 de xuño de 2017 emitiuse informe de Secretaria sobre o prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas.

Con data 19 de xuño de 2017 realizouse pola Interventora a retención de crédito oportuna.

En virtude da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.

Segundo os informes de Secretaria-Intervención de data 12 de xuño, o órgao de contratación e o Pleno municipal

É por elo polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

PRIMEIRO: APROBAR o proxecto da obra "Mellora da eficiencia enerxética do alumeado público nas zonas rurais do Concello de Muras", redactado polo enxeñeiro don Juan Manuel Rey Gómez, cun presupuesto de execución material de 152.673,08 euros (IVE excluido)

SEGUNDO.- AUTORIZAR, pola contía de 159.967,76 euros e 33.593,23 de IVE, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación 165-60900 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2017.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato mixto denominado "Mellora da eficiencia enerxética do alumeado público das zonas rurais do Concello de Muras" por procedemento aberto, por tramitación urxente, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO.- Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de OITO DÍAS os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *www.muras.gal*

ⱤAS
‚CELLO
P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

QUINTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante e na sede electrónica do Concello, cunha antelación mínima de catro días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.

Aberto o debate, producense as seguintes intervencións:

Sr. Alcalde:
Pola cuantia da licitación, tratase dun asunto que non pode ser aprobado por Resolución da alcaldía e por iso, hai que tratarlo no Pleno do Concello. Tratase dun tema que xa foi tratado na comisión informativa.

Sometese o asunto a votación.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar o punto anteriormente sinalado

3.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dase conta

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Jose Danilo:
En canto as sacas de madeira... só afecta aos maderistas? E que sucede cos particulares? Os particulares teñen que solicitar permiso ou non? Ademáis, na fala de tractor agrícola e o paisano pode que traiga a madeira nun camión

Sr. Mario Rouco:
En canto ao tema dos particulares, eles non teñen que pedir autorización a Xunta. Se non hai transacción monetaria, penso que o particular pode levar a madeira no que queira.

Sr. Alcalde:
De todolos xeitos aquí hai duas cuestión. Para el abastecemento domestico de leña se exceptua esta situación.
Y después, esto xa se votou Danilo, xa foi aprobado en Pleno.

Sr. Jose Danilo:
Andanse os vecinos queixandose porque a pista que vai desde a Armada a san Antonio, é da Deputación?

Sr. Alcalde:
Non, e do Concello

Sr. Jose Danilo:
Entón por que sulfatastedes?

Sr. Mario Rouco:
E a primeira noticia que temos

MURAS
CONCELLO

[redacted]
P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

Sr. Alcalde:
Nos non temos constancia de que se sulfatara. Non sabemos nada así que o investigaremos

Sr. Mario Rouco:
Que eu saiba, nos non sulfatamos, ademáis porque nin tan sequera temos cómo facelo.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as vinte horas e quince minutos, dá que se extende a presenta acta que asina comigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe